

ESTADÍSTICA. ESTADÍSTICA DESCRIPTIVA

ACTIVIDADE 1. RENDA DISPOÑIBLE BRUTA

Obxectivos:

- ◆ Aprender a calcular e interpretar as principais medidas de posición e dispersión, como o rango, a mediana e os cuartís.
- ◆ Manexar conxuntos de datos relativamente grandes, agrupalos e resumilos mediante intervalos.
- ◆ Analizar o nivel de renda e a renda por habitante nos concellos dunha provincia

Coñecementos previos necesarios:

- ◆ Coñecementos básicos de estatística descriptiva, como as principais medidas de posición e dispersión.
- ◆ Saber facer e interpretar gráficos de barras.

Cuestións a resolver:

- 1) Completa a seguinte táboa co nivel de renda en miles de euros e a poboación de referencia de Galicia e as súas provincias no último ano dispoñible:

| | Renda dispoñible bruta (en miles de €) | Poboación |
|------------|---|-----------|
| Galicia | | |
| A Coruña | | |
| Lugo | | |
| Ourense | | |
| Pontevedra | | |

A partir destes datos elabora a táboa de renda dispoñible bruta por habitante para Galicia e as súas provincias.

¿Que concepto é máis representativo do diñeiro que un fogar ten para aforrar ou consumir: o nivel de renda bruta dispoñible ou a renda bruta dispoñible por habitante?.....

¿Cal das dúas medidas, nivel de renda dispoñible e renda dispoñible por habitante, ten máis variación entre as provincias? ¿Por que?.....

2) Cos datos da renda dispoñible dos fogares e da poboación de referencia dos municipios da túa provincia para o último ano dispoñible calcula a renda dispoñible bruta por habitante de cada concello e responde ás seguintes preguntas:

¿Cantos municipios teñen unha renda dispoñible por habitante superior á de Galicia?.....¿En cantos a renda dispoñible por habitante é inferior á galega?.....
 ¿Cal é a mediana da renda dispoñible bruta por habitante dos concellos?

 ¿Cales son os cuartís da renda dispoñible bruta por habitante dos concellos?

3) Agrupa os datos da renda dispoñible bruta por habitante dos concellos da túa provincia para o último ano dispoñible en intervalos de 1.000 €/hab.:

| Intervalo da RDBH (€/hab.) | Marca de clase (€/hab.) | Frecuencia absoluta |
|----------------------------|-------------------------|---------------------|
| 7.000-8.000 | | |
| 8.000-9.000 | | |
| 9.000-10.000 | | |
| 10.000-11.000 | | |
| 11.000-12.000 | | |
| 12.000-13.000 | | |
| 13.000-14.000 | | |
| 14.000-15.000 | | |
| 15.000-16.000 | | |

| | | |
|---------------|-------|-------|
| 16.000-17.000 | | |
| 17.000-18.000 | | |
| 18.000-19.000 | | |
| 19.000-20.000 | | |
| 20.000-21.000 | | |

Representa a información da táboa nun diagrama de barras e trata de responder agora ás seguintes preguntas:

¿Cal ou cales son os intervalos modais ?.....

¿Que intervalos da renda dispoñible por habitante acumulan máis do 25% das observacións? ¿En que intervalo se atopa situado o primeiro cuartil?

.....

¿En que intervalo se atopa situado o terceiro cuartil?.....